24 de xaneiro de 2008. Perante o recente anuncio das consellerías do Medio Rural e Industria de promover a construcción de **novas centrais de biomasa** en Galiza dentro do Plano de Aproveitamento da Biomasa Forestal Residual, ADEGA quere expresar a súa preocupación polo protagonismo do **aproveitamento enerxético** fronte á compostaxe. As plantas enerxéticas de biomasa poden ser unha alternativa máis para tratar os materiais provintes dunha xestión forestal integral, mais non a única. Recuperar a **materia orgánica** para contribuir a diminuir a **perda de fertilidade** dos nosos solos mediante a **compostaxe** debería ser unha prioridade.

As sete plantas que Industria prevé instalar en Galiza producirán 40 megavatios de energía mediante a queima de residuos de **biomasa forestal**. Para ADEGA, o uso da biomasa para producir enerxía, malia a facer uso dun recurso renovábel e contribuir a diminuir o risco de lumes, non está exento de **problemas e impactos ambientais**.

A súa incineración para producir electricidade ou calor, podería converterse nun obxectivo en sí mesmo, ao servizo dos intereses produtivistas das transnacionais da enerxía, tal como ocorríu coa enerxía eólica. Para garantir a **sustentabilidade ambiental e social** aproveitamento da biomasa, compriría en primeiro lugar diversificar o seu aproveitamento para facer da

compostaxe
o destino principal destes materiais. Deste xeito, contribuiriase a devolver ao monte parte da materia orgánica que detraemos del e
recuperar a fertilidade
duns chans fortemente empobrecidos polos lumes forestais. Ademáis, o mato e a madeira morta cumpre unha importante
función ecolóxica
no monte, e a máxima de manter os montes limpos debería substituirse pola de ter a floresta coidada, isto é, aproveitar só os recursos (restos de cortas e clarexos, rexeites de aserradoiros...) que non comprometan o equilibrio ecolóxico dos nosos ecosistemas forestais.

Recuperar esta materia orgánica mediante a **compostaxe**, aproveitando ademáis outros recursos problemáticos coma as lamas de depuradora e a materia orgánica dos residuos urbanos (convenientemente separada) para elaborar un abono de calidade, debería ser unha prioridade para os proxectos de aproveitamento da biomasa forestal.

Logo de cumprida esta condición, o eventual aproveitamento enerxético da biomasa debería cumprir os seguintes
criterios ambientais
:

1.
Priorizar os
sistemas enerxéticos a pequena escala
, orientados á xeración de calor e achegados aos lugares de producción do recurso (Principio de Proximidade).

2.
As instalacións deberán
dimensionarse en función da dispoñibilidade
do recurso no contorno próximo, previamente valorado, e non ao revés. Neste senso, deberían aproveitarse só aqueles recursos que sexan excedentarios, xa que un exceso de demanda podería ter implicacións negativas sobre os recursos (solo e/ou vexetación).

BIOMASA: obxectivos P.E.R. 2005-2012		OBJETIVOS (tep)
RECURSOS	Residuos forestales	462.000
	Residuos agrícolas leñosos	670.000
	Residuos agrícolas herbáceos	660.000
	Residuos de industrias forestales	670.000
	Residuos de industrias agrícolas	670.000
	Cultivos energéticos	1.908.300
APLICACIONES	Aplicaciones térmicas	582.514
	Aplicaciones eléctricas	4.457.786

Fuente IDAE (datos 2.004)

[redacted]la